



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

DECRETO DA ALCALDÍA Nº 613/2017

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Vista a proposta de selección resultante da Acta da reunión do Tribunal Cualificador nomeado para levar a cabo as probas para a selección de dous peóns que prestarán servizos con carácter temporal no concello de Castro de Rei para a realización da obra subvencionada "Mantemento e revalorización de zonas públicas municipais" de data 7 de decembro de 2017.

Vista a cláusula décima das *Bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal con carácter temporal (programas para a contratación temporal polas entidades locais de persoas para o fomento do emprego no medio rural) para prestar servizos no concello de Castro de Rei (Lugo)*, aprobadas o 22 de novembro de 2017, por Decreto de Alcaldía Nº 575/2017.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, 61.1.h) da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o 41.2 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista de aspirantes seleccionados, a lista de aspirantes de reserva e a proposta de selección do Tribunal Cualificador para cubrir dous postos de peón para a realización da obra/servizo denominada/o "Mantemento e revalorización de zonas públicas municipais".

Segundo.- Aprobar a contratación dos seguintes aspirantes seleccionados para cubrir tres postos de peón para a realización da citada obra:

- D. Pablo Buide Táboas con NIF 33861252P.
- D. Carlos Gómez Carballeira con NIF 33318760V.

Terceiro.- Formalizar os contratos de traballo baixo a modalidade de contrato temporal de traballos de interese social, en réxime de dedicación a tempo completo (100% da xornada), por un período de 9 meses comprendido entre os días 13 de decembro de 2017 a 12 de setembro de 2018 (ambos incluídos).

Cuarto.- Instar aos candidatos seleccionados para que presenten, no Rexistro Xeral do Concello de Castro de Rei, previamente á formalización dos contratos, a documentación que se relaciona na cláusula undécima das bases que rexen a convocatoria.

Quinto.- Determinar que a retribución dos traballadores relacionados que se van contratar para a realización da/o citada/o obra/servizo, que non está suxeita a ningún convenio é, en importe mensual, a da seguinte táboa:

NÚM. TRAB.	GRUPO COTIZAC. SEG.SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2009 (4 díxitos)/ OCUPACIÓN (letra)	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL A SEG.SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS

Francisco Javier Balado Teijeiro (1 de 1)
Alcalde de Castro de Rei
Firma: 12/12/2017
HASH: 7c3db9e22ae4e9ea32a6a01d5a51b3c1



Cód. Validación: 5X4SK7CYTFQ2PDHQYV7X4XGM | Verificación: <http://castrodeirei.sedelectronica.gal>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 2

2	10	PEÓN	8411D	1.100,00	37,80	415,80	1.515,80	9	100%	27.284,40
TOTAL SUBVENCIONABLE				1.100,00	37,80	415,80	1.515,80	9	100%	27.284,40

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.

Sexto.- Publicar o presente decreto no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Castro de Rei e na páxina web www.castroderei.gal, para os efectos do disposto na cláusula décima das citadas bases que rexen a convocatoria.

Castro de Rei, 12 de decembro de 2017



Cód. Validación: SX4SK7CYTFQZPDHQYWTX4JXGM | Verificación: <http://castroderei.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 2